



PROXECTO DE ORDE pola que se modifica un dos ficheiros creados na Orde do 1 de decembro de 2010 pola que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal existentes na Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

A Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (BOE núm. 298, do 14 de decembro), regula o tratamento de datos de carácter persoal rexistrados en soportes físicos que os fagan susceptibles de tratamento, así como toda modalidade de uso posterior destes datos polos sectores público e privado. A finalidade desta regulación é garantir e protexer as liberdades públicas e os dereitos fundamentais das persoas físicas, e especialmente a súa honra e intimidade persoal e familiar.

No artigo 20 da devandita lei dispónse que a creación, modificación ou supresión dos ficheiros das administracións públicas só se poderá facer por medio de disposición xeral publicada no BOE ou diario oficial correspondente, establecéndose no seu punto segundo as indicacións concretas que deben constar nas disposicións de creación e modificación daqueles.

Para dar cumprimento a este precepto publicouse a Orde do 1 de decembro de 2010 pola que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal existentes na Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. A evolución da actividade administrativa supuxo a modificación do ficheiro que se detalla no anexo da presente orde, o que obriga, conforme a citada Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, á modificación da Orde do 1 de decembro de 2010. O ficheiro cuxa modificación se efectúa pola presente orde, xa foi obxecto de modificación por medio da Orde do 7 de xaneiro de 2011, pola que se modifica a Orde do 1 de decembro de 2010 pola que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal existentes na Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

En consecuencia, e en virtude das facultades que me confire o artigo 34.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro,



DISPOÑO:

Artigo 1º.- Obxecto.

Mediante a presente orde da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza modifícase o ficheiro de carácter persoal denominado “Imelga”, segundo se especifica no anexo.

Artigo 2º.- Contido.

A información esixida para as disposicións de modificación de ficheiros no artigo 20 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e mais no artigo 54 do seu regulamento asociado, aprobado polo Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, está contida no anexo desta orde.

Artigo 3º.- Finalidade e uso do ficheiro.

Os datos de carácter persoal incluídos no ficheiro da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza modificado por esta resolución só serán utilizados para os fins expresamente previstos e declarados no anexo, e polo persoal debidamente autorizado.

Artigo 4º.- Cesión de datos.

Os datos só poderán ser cedidos nos supostos expresamente previstos pola lei e nos detallados no anexo. No suposto de cesión de datos ás administracións públicas, haberá que aterse ao disposto na normativa vixente respecto a esta materia.

Artigo 5º.- Órgano responsable do ficheiro.

A responsabilidade sobre o ficheiro modificado por esta orde correspóndelle á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. No anexo detállase a unidade ante a que se exercerán os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos datos que constan no ficheiro.

Artigo 6º.- Nivel de protección e medidas de seguridade.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral Técnica

Edif. Admto. San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981 544 513 Fax: 981 544 601



O ficheiro modificado por esta orde atópase clasificado atendendo ao disposto nos artigos 80 e seguintes do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro. No anexo aparece a clasificación (nivel básico, medio ou alto) do dito ficheiro.

O titular do órgano responsable deste ficheiro adoptará as medidas técnicas, de xestión e organización que sexan necesarias para asegurar a confidencialidade e integridade dos datos, así como as conducentes a facer efectivas as garantías, obrigas e dereitos recoñecidos na Lei orgánica 15/1999 e nas súas normas de desenvolvemento.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, de de 2016

Alfonso Rueda Valenzuela

Vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza



ANEXO

Modificación dun ficheiro responsabilidade da Consellería de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza

Denominación do ficheiro	<i>Imelga.</i>
Descrición da súa finalidade e usos previstos	<i>Xestión da información do Instituto de Medicina Legal de Galicia (Imelga)</i>
Colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subminístralos	<i>Cidadáns involucrados en procedementos xudiciais que precisan a asistencia dunha proba pericial médico-forense.</i> <i>Persoal sanitario involucrado no tratamento dos pacientes (persoal do Imelga, de centros médicos públicos e privados)</i> <i>Particulares e entidades aseguradoras e cidadáns que soliciten pericial médico-forense</i>
Procedemento de recollida de datos	<i>Formularios en papel e electrónicos.</i>
Procedencia dos datos	<i>O propio interesado ou o seu representante legal.</i> <i>Outras persoas físicas (profesionais da medicina, representantes procesuais do interesado)</i> <i>Entidades privadas (centros médicos, mutuas,...)</i> <i>Administracións públicas (órganos da Administración de xustiza, forzas e corpos de seguridade do Estado, rede sanitaria pública, Universidade de Santiago de Compostela)</i>
Estrutura básica do ficheiro Tipos de datos de carácter persoal (Categorías de datos)	<i>Datos de carácter identificativo: NIF/DNI, nome e apelidos, enderezo, teléfono, marcas físicas, número de Seguridade Social/ mutualidade, imaxe/ voz.</i> <i>Datos de carácter persoal: datos de familia, data de nacemento, idade, sexo, características físicas ou antropométricas.</i> <i>Datos académicos e profesionais: formación, titulación.</i> <i>Datos relativos á comisión de infraccións: infraccións penais, infraccións administrativas</i> <i>Datos de circunstancias sociais: afeccións e estilo de vida.</i> <i>Datos especialmente protexidos: saúde, vida sexual,</i>



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral Técnica

Edif.Advto. San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981 544 513 Fax: 981 544 601

galicia

	<i>violencia de xénero, orixe radical ou étnico, relixión ou crenzas</i>
	<i>Detalles do emprego</i>
	<i>Datos económicos, financeiros e de seguros</i>
Sistema de tratamento	<i>Mixto</i>
Comunicacións ou cesións de datos	<i>Outros órganos da comunidade autónoma</i> <i>Órganos xudiciais</i> <i>Ouros órganos doutras comunidades autónomas</i> <i>Outros órganos da Administración estatal</i> <i>Aseguradoras</i>
Transferencias internacionais de datos a terceiros países	<i>Xulgados e forensías doutros países, a través das comisións rogatorias</i>
Órgano Responsable do Ficheiro	<i>Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza / Secretaría Xeral.</i>
Servizos ou unidades ante os que poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición	<i>Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza / Secretaría Xeral</i> <i>Edificio Administrativo de San Caetano</i> <i>San Caetano s/n</i> <i>15781 Santiago de Compostela (A Coruña)</i>
Nivel do ficheiro	<i>Alto.</i>